

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO  
PLENO O DÍA 25 DE ABRIL DE 2013.**

**Sres. Asistentes:**

**Sr. Alcalde:**

D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.

**Sres. Concelleiros:**

Dª MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ

D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO.

D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO

Dª OLIMPIA MARCOS GARCIA

D. JOSE JUAN VILAR RICO.

Dº Mº MERCEDES GRANDE REGUEIRO.

D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO

Dª JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ.

Dª MARTA SEIXAS DIAZ.

D. EMILIO MESIAS FARIAS.

D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.

D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.

**Sr. SECRETARIO:**

D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e nove minutos do día vintecinco de abril de douce mil trece, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.

Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Dia, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:


**Punto n.º 1.- APROBACIÓN SE PROcede DAS ACTAS DAS SESIÓNs CELEBRADAS  
POLO CONCELLO PLENO OS DÍAS 08/11/2012 E 29/11/2012, E 01/02/2013.**

O Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación as actas das sesións celebradas polo Concello Pleno os días 08/11/2012, 29/11/2012 e 01/02/2013.

**Punto n.º 2.- DAR CONTA SENTENZA DO XULGADO DE INSTRUCCIÓN NÚM. 2 DE  
FERROL DE 13-02-2013.**

Dase conta da Sentenza do Xulgado de Instrucción n.º 2 de Ferrol de data 13-02-2013, na que se dicta o seguinte FALLO:

" Que debo condenar y condeno a FERNANDO ESPÍÑO PIÑEIRO como autor criminalmente responsable de una falta de respeto y consideración debida a agente de la autoridad a la pena de 40 días multa a razón de 8 euros diarios, es decir, 320 euros, con la correspondiente responsabilidad personal subsidiaria en caso de impago.



Que debo CONDINAR Y CONDENO a CARMEN SEIJAS GARCÍA como autora criminalmente responsable de una falta de respeto y consideración debida a agente de la autoridad a la pena de 30 días multa a razón de 8 euros diarios, es decir, 240 euros, con la correspondiente responsabilidad personal subsidiaria en caso de impago.

Les condeno también al pago de las costas procesales por mitad sin incluir los honorarios de la acusación particular."

O Concello Pleno dase por enterado.

**Punto núm. 3.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA DE 10-12-12 (TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.).**

Dase conta da firmeza da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 10-12-12, na que se dicta o seguinte FALLO:

**FALLAMOS:** Que **ESTIMAMOS PARCIALMENTE** el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil TELEFÓNICA MÓVILES S.A. contra el Acuerdo del Ayuntamiento de Ares, de fecha 28 de enero de 2010 (Boletín Oficial de la Provincia de 15/10/10), por el que se aprueba definitivamente la Ordenanza reguladora de la taxa por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local por las empresas explotadoras de servicios de telefonía móvil. Sin efectuar pronunciamento en orden de la imposición de costas procesales."

O Concello Pleno dase por enterado.


**Punto núm. 4.- DAR CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS CORRESPONDENTES 3º-4º TRIMESTRES 2012, LEI 15/2010 DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.:-**

Dase conta do Informe Trimestral correspondentes dos 3º e 4º Trimestre de 2012, Medidas de Loita Contra a Morosidade nas Operacións Comerciais, que figura incorporado ó expediente e que presente o seguinte resume:

**3º TRIMESTRE 2012.**

En prazo núm. de operacións 33, por importe de 42.661,77 euros.

Fora de prazo núm. de operacións 272, por importe de 413.171,68 euros.



# CONCELLO DE ARES

Arl. Sarmiento Montero nº 12 - D.P. 15604 - Tel. 981 468 162 - Fax 981 468 299 - E-MAIL: [ARES@XURIGO.GAL](mailto:ARES@XURIGO.GAL) - P.1500465 - E.



## 4º TRIMESTRE 2012.-

En prazo nóm. de operacións 41, por importe de 70.504,77 euros.

Fora de prazo nóm. de operacións 205, por importe de 324.408,85 euros.

O Concello Pleno acorda darse por enterado.

### Punto nóm. 5.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ORDENANZA REGULADORA DE LIMPEZA DE FINCAS E PREDIOS.

Dase conta da a ordenanza reguladora da Limpeza de Fincas e predios, así como do informe do Sr. Secretario Interventor que seguidamente se transcriben:

#### ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA DE FINCAS E PREDIOS

O concello de Ares, en aras ás competencias que posúen os municipios nos ámbitos da prevención e extinción de incendios, a protección civil, o medio ambiente ou o urbanismo, establecidas pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, de administración local de Galicia, ve necesario regular os aspectos relativos á limpeza e o mantemento das parcelas existentes no municipio.


Desta maneira o Concello elabora a presente ordenanza co obxectivo de aplicar os artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Daacordo con esta lei, as persoas propietarias de toda clase de terreos teñen a obriga de mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, así como de conservar e manter o solo natural nas condicións precisas que eviten erosións e incendios, e impedir a contaminación da terra, o aire e a auga.

Asemade o artigo 7.d) da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, obriga a realizar as obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios forestais.

Polo tanto a presente ordenanza recolle estas obrigas e regula a súa aplicación no caso do uso de medios e recursos municipais. Desta maneira, o Concello pretende acadar:

- O cumprimento da normativa existente en materia de mantemento de parcelas, predios e edificacións e regular a execución subsidiaria por parte do Concello
- A prevención dos incendios e a boa xestión dos terreos forestais
- A prevención doutras incidencias que poidan xerar impactos negativos sobre a paisaxe, o medio ambiente e a calidade de vida dos vecíños e vecínas
- A concienciación das persoas propietarias ou usuarias de parcelas e edificacións sobre as súas responsabilidades
- A equidade e a boa xestión dos recursos municipais, ó tratar a todas as persoas co mesmo criterio e repercutir os gastos que se orixinen nas persoas



- responsables.
- A eliminación de vertedoiros incontrolados.

## CAPITULO I: NOCIONS BASICAS E OBRIGAS

### Artigo 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 108 da Lei 7/1995, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexistativo /2004 de 5 de marzo), o Concello de Ares establece as obrigas sobre a limpeza de terreos e predios, que se rexerá pola presente Ordenanza reguladora .

### Artigo 2.- OBXECTO

A regulación no termo municipal, da limpeza de solares e edificacións de titularidade privada pola incidencia que poidan ter sobre da hixiene, salubridade e ornato público.

### Artigo 3.- NORMATIVA SUBSIDIARIA


1.- Para o non previsto no presente Título, serán de aplicación as normas estatais e autonómicas referidas á limpeza e ao medio ambiente, ou a calquera outra materia recollida na presente norma.

### Artigo 4.- OBRIGADOS

Os propietarios dos terreos deberán manteles limpos, libres de restos, entullos e residuos e nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e ornato público. En defecto destes, serán os que figuren coma titulares catastrais os responsables do cumprimento das obrigas establecidas na presente Ordenanza.

### Artigo 5.- OBRIGAS DOS TITULARES

- 1.- Os propietarios deberán manter os seus predios limpos e libres de residuos.
- 2.- Os propietarios deberán manter os seus predios libres de potenciais focos infecciosos , e deberán realizar os labores preventivos que sexan precisos para tal efecto.
- 3.- Os propietarios deberán evitar o crecemento incontrolado de maleza e outros vexetais que lle afecte ás parcelas lindieiras, así coma controlar o verquido de entullos e as plantacións, ainda que fosen crecementos accidentais, de árbores que poidan invadir os predios vecíños ou causarles calquera clase de perturbación, con respecto á normativa autonómica sobre risco de incendios. En concreto, a maleza ou demais elementos non poderán, en ningún caso, invadir as vías públicas, sexa na superficie ou no seu voo, salvo autorización expresa municipal, que se concederá tan só por motivos de interese natural ou estético e de conservación do patrimonio natural.
- 4.- Os propietarios de solares ou parcelas que limiten coa vía pública están obrigados, en todo caso, ao seu cerramento exterior, salvo dispensa expresa e motivada



# CONCELLO DE ARES

Avt. Rúa do Dr. Martínez nº 12 - D.P. 15604 - Tel. 981 448 302 - Fax 981 448 299 - EMAZ DA MU-2000/95TCR. P-1103402 - E



outorgada pola autoridade municipal, baseada en motivos de interese público ou de preservación do medio, ou previstas expresamente no planeamento urbanístico. O cerramento deberá ser autorizado polo Concello, previo informe preceptivo dos servizos técnicos municipais competentes, e deberá respectar, en todo caso, o contorno e a estética da zona na que se atope, e cumprir os fins de preservación da seguridade dos peóns e de conservación e respecto ao medio natural ( os materiais e medidas deberán adecuarse ás normativas e plans autonómicos vixentes en cada momento ).

5.- É potestade do Concello a inspección e realización subsidiaria dos traballos de limpeza aos que se refiren os parágrafos anteriores, sexan solares de propiedade pública ou privada. No caso de execución subsidiaria dos traballos polos servizos municipais, esta farase con cargo ao obrigado e de acordo co disposto nas ordenanzas fiscais, sen prexuízo das sancións que correspondan. Nas fincas afectadas polo planeamento urbanístico, cando os seus propietarios ou propietarias as tiveran cedido para uso público, o Concello poderá facerse cargo, total ou parcialmente, das obrigas descritas, mentres non se leve a cabo a expropiación.

6.- Se por motivos de interese público fose necesario assumir subsidiariamente as obrigas do propietario, o Concello poderá acceder aos solares de propiedade privada derrubando os valados cando se faga preciso, sen prexuízo de solicitar a correspondente autorización xudicial. O Concello imputaralles aos propietarios os custos do derrubo e reconstrucción do valado ou instalación análoga afectada.

7.- No caso de non existir valado, o Concello poderá acceder aos solares de propiedade privada co fin de proceder á execución subsidiaria, se rematado o procedemento inspector, o titular do predio non executase as labores requiridas.

## CAPITULO II : PROCEDIMENTO

### Artigo 1.- A INSPECCIÓN

1.- Constitúe persoal da Inspección Municipal:

- Os axentes e mandos da Policía Local, polo seu carácter de axentes da autoridade.
- Os funcionarios e traballadores dos servizos técnicos municipais de obras, urbanismo e da Oficina Técnica Municipal, que, no referido ás prescricións desta Ordenanza, actúan coma axentes da autoridade.


2.- O persoal da Inspección Municipal poderá inspecionar de oficio ou a instancia de parte, ou por denuncia pública, os distintos predios do termo municipal, co fin de comprobar o cumplimento das prescricións desta Ordenanza.

### Artigo 2.- MODOS DE INICIACION DO PROCEDIMENTO

O procedemento inspector axustarase ao establecido no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na normativa urbanística, e demais normativa que resulte de aplicación, podendo iniciarse de oficio ou a instancia de calquera interesado.

### Artigo 3.- TRAMITACION

1.- O expediente, unha vez iniciado, sexa de oficio ou por instancia de parte, impulsarase de oficio en todos os seus trámites.



2.- Deberán figurar no expediente informes técnicos e xurídicos, e antes de ditar a orde de execución, deberá dárselle audiencia ao interesado.

3.- O informe técnico deberá versar sobre os puntos seguintes:

a) Se existe incumprimento dos deberes establecidos na Ordenanza, á vista dos seus preceptos e da normativa urbanística vixente.

b) De apreciarse o devandito incumprimento, deberá conter unha descripción detallada das medidas correctoras precisas para manter o predio nas condicións de seguridade, salubridade e ornato público que resulten esixibles.

c) O prazo de execución das labores para reparar o predio ás condicións esixidas.

4.- A orde de execución fixará, detalladamente, todas as obras para realizar, así coma o prazo máximo para efectuáelas. Deberase buscar o xeito de realizar as obras da forma menos gravosa para o propietario.

5.- As ordes de execución fixarán o prazo para o cumprimento do ordenado en atención á magnitude e complexidade das obras para realizar, que en ningún caso excederá de vinte días hábiles .

6.- En ningún caso se poderá ditar orde de execución sen a previa autorización que resulte preceptiva segundo os réximes especiais de protección, vencellamento, ou servidumes legais que lle afecten ao predio . Non obstante, cando exista perigo inmediato de danos às persoas, poderán tomarse medidas excepcionais de protección sen respectar os devanditos límites, por se considerar un interese léxitimo superior a protexer.

#### **Artigo 4.- EXECUCION FORZOSA E SUBSIDIARIA**


1.- Transcorrido o prazo concedido para dar cumprimento á orde de execución, o sr. Alcalde, ou órgano ou persoa en quem delegue, procederá a ordenar a execución subsidiaria ou a execución forzosa mediante imposición de multas coercitivas. En todo caso apercibirase, antes de ordenar a execución, o interesado dos efectos do incumprimento da realización das medidas correctoras impostas. O devandito apercibimento poderá incorporarse á notificación da orde de execución á que se refire o artigo anterior.

2.- Para garantir a efectividade da execución forzosa, poderánsele imponer multas coercitivas ao responsable cun importe que oscilará entre os 300 € e os 3.000 €, xustificando o importe en función das circunstancias que concorran. En ningún caso se poderán imponer máis de dúas multas coercitivas por cada expediente.

3.- Imposta a primeira das multas, abriráselle ao responsable novo prazo para a realización das labores ordenados de execución. O devandito prazo será da mesma duración ca o outorgado inicialmente para a execución segundo o previsto no artigo anterior.

4.- Transcorrido o devandito prazo sen que o responsable cumpra a segunda orde de execución, procederá a imposición dunha segunda multa coercitiva. Con esta, abriráselle un novo prazo para a execución das labores ordenados, por un máximo da metade do inicialmente outorgado.

5.- Unha vez vencido este último prazo, se o responsable non tivera procedido a dar cumprimento á orde de execución, o sr. Alcalde, ou órgano ou persoa en quem



delegue, ordenará, mediante resolución a execución subsidiaria dos traballos, sendo o seu custe a cargo do responsable, e respectarase o disposto nos arts. 93 e seguintes da Lei 30/1992.

6.- A imposición das multas coercitivas non impedirá a apertura, no seu caso, do correspondente expediente sancionador.

7.- Sen prexulzo da potestade sancionadora establecida neste Título, no caso de incumprimento polos obrigados dos deberes que lles impón a presente Ordenanza, tras requerimento para o efecto, poderase efectuar tamén a execución subsidiaria polo Concello, por conta dos responsables e á manxe das indemnizacións ás que houbese lugar.

#### **Artigo 5.- CASOS DE URXENCIA OU NECESIDADE**

Cando o estado dun predio ou edificación supoña un perigo grave para as persoas ou os bens, no referente ás súas condicións de seguridade, salubridade e/ou hixiene, o sr. Alcalde, ou órgano ou persoa en quen delegue, logo dos informes técnicos preceptivos, poderá acordar, no prazo de 24 horas desde a recepción dos devanditos informes, a execución subsidiaria dos traballos precisos para a desaparición das circunstancias que ocasionen o perigo grave, notificándolle ao responsable á maior brevidade a dita resolución.

#### **Artigo 6.-EXECUCION SUBSIDIARIA: CUSTE**

No caso de ditarse resolución de execución subsidiaria, o custe da mesma será o que se estableza na correspondente ordeanza fiscal, ben se realice a través de persoal e medios propios do Concello, ben se solicite a execución das tarefas a unha empresa privada.

### **CAPITULO III: INFRACCIONES E SANCIONES. PROCEDIMENTO SANCIONADO**


#### **Artículo 1 : Tipificación de infracciones. Establecemento de sancións**

##### **a .- Potestades de control: comprobación e inspección. Denuncia das infraccións**

1.- O Concello, a través dos servizos municipais con competencias de inspección e dos axentes da Policía Municipal, denunciará cantas infraccións se produzcan en relación coas normas da presente Ordenanza, poniendo en coñecemento dos órganos competentes da entidade local, da Comunidade Autónoma ou da administración do Estado os feitos que supoñan infraccións sobre as que teñan atribuída a competencia.

2.- Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente Ordenanza.

3.- Os cidadáns, cidadáns e usuarios do servizo están obrigados a prestar toda a colaboración ás inspeccións a quem se refire este artigo, co fin de permitir a realización de todo tipo de exames, controles, enquisas, toma de mostras e recollida de información necesaria para o cumprimento da súa misión.



4.- Cando, a xuízo da administración, a infracción puidera ser constitutiva de delito ou falta, o órgano administrativo darálle traslado inmediato ao Ministerio Fiscal, e absterase de continuar o procedemento sancionador en tanto a autoridade xudicial non se teña pronunciado. A sanción penal excluirá a imposición de sanción administrativa.

b.- Responsabilidade

1.- As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas na presente Ordenanza serán esolidables non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder.

2.- Tratándose de persoas xurídicas, comunidades de bens, comunidades de vecíños ou calquera outro tipo de asociación, tería ou non personalidade xurídica, a responsabilidade será atribuída a estas ou á persoa que legalmente as represente e, para este efecto, as denuncias formularanse contra esta ou, no seu caso, contra a persoa que ostente a súa presentación.

3.- Cando non sexa posible determinar o grao de participación das persoas, físicas ou xurídicas, que intervíñeran na realización da infracción, a responsabilidade será solidaria, sen prexuízo das accións contra os demás participantes por aqueles que fixesen fronte á responsabilidade común.

Artigo 3 : Tipificación das infraccións por incumprimento das obrigas contidas nesta ordeanza:

a- Consideraranse infraccións leves:

a.1) Aquelas que non causen un dano directo e de importancia aos bens de dominio público.

a.2) Calquera outra infracción, cando non estea tipificada como falta grave ou moi grave.

b.- Consideraranse infraccións graves:

b.1) Terán carácter grave, as accións e omisións que, quebrantando os preceptos da presente Ordenanza, afecten aos bens de dominio público, ou aos bens do servizo e uso público municipal, causándolles un dano directo e de importancia, ou provocando situacións de risco certo.

b.2) De mesmo xeito, terá carácter grave a reincidencia e reiteración na comisión de infraccións leves. Para tales efectos, considerarase reincidente á persoa que fose sancionada anteriormente unha ou máis veces polo mesmo concepto nos doce meses anteriores.

c.- Consideraranse infraccións moi graves:

c.1) A construción ou mantemento de vertedoiros de entullos clandestinos.

c.2) Queimar lixos sen a autorización preceptiva.

c.3) A reincidencia na comisión de infraccións graves, sempre que estas non prescribisen.

c. Contíñas

1- Nos casos de infraccións que non estean específicamente contempladas nas táboas



# CONCELLO DE ARES

Avt. Servizos Municipais nº 12 - D.P. 13604 - Tel. 981 448 102 - Fax 981 448 209 - ECOLGA 001-2000729/CIF P 1500400 - E

A CORUÑA

anteriores, sancionaranse, de acordo coa súa natureza, coas contías previstas no art. 40 da Lei 10/1997, de Galicia, se constituísen algunha das infraccións allí tipificadas, e, no seu defecto, cos importes seguintes, consonante ao previsto no Tit. XI da Lei 7/1985:

Infraccións leves: multa pecuniaria de ata 750 €.

Infraccións graves: multa pecuniaria de ata 1.500 €.

Infraccións moi graves: multa pecuniaria de ata 3.000 €.

2.- Para determinar a contía da sanción, nos casos en que esta deba ser graduada segundo o parágrafo anterior, estarase ao disposto no artigo seguinte.

## Artigo 2 .- PROCEDIMENTO SANCIONADOR

### 1.- Normativa aplicable ao procedemento

O procedemento sancionador iniciárase sempre de oficio, por providencia da Alcaldía ou da persoa ou órgano en quen delegue, ben por iniciativa propia ou como consecuencia de orde superior, petición razonada doutros órganos ou por denuncia, e axustarase ao establecido no R.D. 1398/1993, de 4 de agosto.

### 2.- Competencias sancionadoras

É órgano competente para a imposición das sancións o sr. Alcalde-Presidente da Corporación, ou concelleiro ou órgano en quen delegue, salvo que resulte de aplicación normativa sectorial específica que reserve, pola cualificación da infracción, a devandita competencia a outro órgano da Comunidade Autónoma.

### 3.- Procedemento

a.- O procedemento sancionador dará comezo por resolución da Alcaldía ou persoa ou órgano en quen teña delegado, de oficio, por acta ou denuncia da inspección do servizo. Antes de decretar este comezo, poderase acordar a instrución dunha información reservada, a resultado da cal poderase acordar a efectiva ou, no seu caso, o arquivo das actuacións.

b.- Na resolución que acorde a incoación nomeárase unha funcionario instructor e unha secretario, notificaráse ao inculpado, e aplicáranse as normas sobre abstención e recusación previstas na Lei 30/1992. Igualmente, sinalárase o órgano competente para resolver o procedemento e a norma de atribución de tal competencia.

c.- O instructor ordenará a práctica de cantas probas e actuacións conduzan ao esclarecemento dos feitos e determinar as responsabilidades susceptibles de sanción, sendo a súa duración non inferior a 10 días nin superior a 30.

d.- Á vista das actuacións practicadas, formularáse un prego de cargos no prazo máximo dun mes desde a incoación de expediente, comprendendo neste os feitos imputados, con expresión da infracción presuntamente cometida e das sancións que puideran ser de aplicación.



e.- O prego de cargos notifícaráse ao inculpado, concedéndolle o prazo de quince días hábiles para que poña contestalo, formulando catas alegacións e presentando catas probas considere adecuadas ao seu dereito.

f.- Contestado o prego de cargos polo inculpado, ou transcorrido o prazo para facelo, o instrutor formulará proposta de resolución, que se lle notificarán ao inculpado, para que, no prazo de quince días hábiles, poña alegar canto considere conveniente a súa defensa.

g.- O prazo de resolución será de 10 días, deberá ser esta motivada e deberanse resolver todas as cuestións formuladas no expediente.

h.- Transcorrido este prazo, produciránse ou non alegacións, remitirase a proposta de resolución, con todo o actuado, ao órgano que ordenou a incoación do procedemento, para que o resolva, con pronunciamento expreso sobre as medidas provisionais que se acordaran no seu caso, e notifícaráse a resolución ao interesado.

#### **4. Graduación da contia das sancións**

Para determinar a concreta contia das sancións, nos casos en que esta deba ser graduada por non estar determinada específicamente nos artigos anteriores, atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como:

- a) Grao de intencionalidade, non concorrendo cando non exista culpa grave ou dolo.
- b) Natureza da infracción.
- c) Capacidad económica do responsable.
- d) O beneficio obtido coa conducta.
- e) O recurso afectado.
- f) A reincidencia.
- g) A gravidade do dano producido, e, especialmente, a súa irreversibilidade.
- h) A natureza da infracción.
- i) Os factores atenuantes ou agravantes.

#### **Artigo 3.- Execución forzosa das sancións**

1.- Tanto o importe das multas pecuniarias coma o das responsabilidades administrativas poderán ser esixidos pola vía administrativa de conxinximento.

2.- No caso de se acordar a suspensión da multa ou as responsabilidades, o interesado estará



obrigado a garantir o seu importe para que sexa efectiva a suspensión.

3.- Os órganos sancionadores poderán impoñer multas coercitivas cando transcorran os sinalados no requiremento correspondente segundo o disposto na normativa de procedemento sancionador, sen que a contía de cada unha delas poida superar o 20 % da multa fixada para a infracción cometida.

#### **Artigo 4.- Prescripción das infraccións**

1.- A prescripción das infraccións producirase segundo establezan as normas sectoriais de aplicación. Se non sinalasen prazos, consonte co previsto na Lei 30/1992:

- a) Infraccións leves: 6 meses.
- b) Infraccións graves: 2 anos.
- c) Infraccións moi graves: 3 anos.

2.- O prazo de prescripción contarase desde o día no que se cometía a infracción.

3.- Interromperá a prescripción o inicio, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e restablecerase o prazo de prescripción se o expediente sancionador estiver paralizado máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

#### **Artigo 5.- Prescripción das sancións**


1.- A prescripción das sancións impostas producirase segundo establezan as normas sectoriais de aplicación. Se non sinalasen prazos, consonte co previsto na Lei 30/1992:

- a) Sancións leves: 1 ano.
- b) Sancións graves: 2 anos.
- c) Sancións moi graves: 3 anos.

2.- O prazo de prescripción das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquela que adquirira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

3.- Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Matozais nº 12 - D.P. 13604 - Tel. 981 448 160 - Fax 981 448 299 - E-MAIL: MU-2000@EQUOR.ES - P-1360400 - E

Aos procedementos iniciados antes da entrada en vigor da presente norma serán de aplicación a normativa vixente no momento do seu inicio. No caso de non estaren rematados, non obstante, de aplicación, o réxime sancionador que resulte máis favorable ao interesado.

## DISPOSICIÓN ÚLTIMA

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o anuncio da aprobación definitiva xunto co seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

## INFORME DE SECRETARÍA

*Asunto : Aprobación Ordenanza reguladora da limpeza de fincas e predios e ordenación e imposición da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola execución subsidiaria da limpeza de fincas no Concello de Ares.*

De acordo co ordenado pola Alcaldía, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

## INFORME

**PRIMEIRO.** O Municipio, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cuantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal.



## CONCELLO DE ARES

Avt. Barreiros Mimoso nº 12 - D.P. 18604 - Tel. 981 468 102 - Fax 981 468 299 - ECOLDA MU-2000/2001 - P-1300400 - E

Nos mesmos termos se pronuncia a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.

Así mesmo, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde a este Concello a potestade regulamentaria e de autoorganización.


O instrumento adecuado para regular a limpeza de fincas e predio, á vista da competencia atribuída pola Lei 7/1985 e 5/1997 e da Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do medio Rural de Galicia que establece no seu artigo 9 "Deberes de uso, conservación e rehabilitación", que os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

- Destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico.
- Mantenelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación

e mediante a aprobación dunha Ordenanza municipal, disposición administrativa de rango inferior á Lei, de exclusiva e mellor aplicación neste Municipio, que complete a devandita Lei 9/2002, dada a súa peculiaridade e a súa diferenciación con respecto a ditas Leis e Regulamentos de ámbito de aplicación máis amplio.

### SEGUNDO. A Lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo..



-- O artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbana e protección do medio rural de Galicia.


— O artigo 56 do Real Decreto Lexistativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Régime Local.

**Terceiro.-** Respecto á ordenanza fiscal reguladora do prezo público da limpeza de fincas, a caciadade regulamentaria en materia de xestión de tributos vén matizada maioritariamente nos artigos 11 e 12 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexistativo 2/2004, do 5 de marzo (R.D.L. 2/2004).

Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en régime de Dereito público cando, prestándose tamén tales servizos ou actividades polo sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados.

**Cuarto.-** As Entidades Locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da Entidade Local polas que non sexa preceptivo, no seu caso, impoñer unha taxa. Nótese que o R.D.L. 2/2004 obriga a que a contraprestación polo servizo se axuste á categoría de taxa cando o servizo sexa de prestación ou recepción obligatoria, entendido isto como unha cuestión de feito, ou cando se preste de feito ou de dereito exclusivamente polo Administración. Esta definición tan restritiva resulta da doutrina iniciada pelas Sentenzas do Tribunal Constitucional 185/1995, do 14 de decembro • 233/1999, do 16 de decembro.

No suposto de que puidesen esixirse prezos públicos --e non taxas-- polos servizos que a continuación se enumeran, a Lei prohíbe: tratase de servizos como o




abastecemento de augas en fontes públicas; a iluminación de vías públicas; a vigilancia pública en xeral; protección civil; limpeza da via pública ou ensino nos niveis de educación obligatoria.

**Quinto.** O establecemento ou modificación dos prezos públicos non segue o mecanismo de imposición e ordenación de tributos. O R.D.L. 2/2004 determina que o seu establecemento ou modificación corresponderá ao Pleno da Corporación, sen prexulzo das súas facultades de delegación na Comisión de Goberno.

A natureza dos Acordos de fixación dos prezos públicos é dependente exclusivamente do seu contido. Innovando o Ordenamento, non consumíndose co seu cumprimento singular, senón susceptible dunha pluralidade indefinida de cumprimentos, o Acordo non pode ser outra causa que unha disposición xeral. Os Acordos de fixación dos prezos públicos que aparecen reiteradamente nos Diarios Oficiais responden sen dúbida a estas características.

Non é esta a tese que sostén o Tribunal Supremo (**STS do 2 de marzo de 1994; Sentenza do 14 de abril de 2000; Sentenza do 22 de decembro de 2001**). Con certas contradiccións, está claro que entende que se trata dun mero acto administrativo. Non obstante, a fundamentación da tese do Alto Tribunal é insuficiente. O Tribunal Supremo cualifica como meros actos administrativos os referidos Acordos, atribúelles o seu carácter público, pero non se xustifica a razón.

A Normativa reguladora dos prezos públicos locais (o R.D.L. 2/2004), non impide de ningún xeito outro modo de fixación dos prezos públicos. Un modo sobre o que non hai motivo ningún de prohibición. Supóñase que o Concello está en condicións de prestar o servizo en réxime de Dereito público, que é ofertado aos usuarios, ou mesmo é demandado directamente por un ou varios usuarios. Pois ben, supóñase que non existe unha disposición xeral que regule aprioristicamente o importe dese



prestación. Que, pola contra, o prezo do servizo, prezo público, sexa fixado para ese caso concreto, consumíndose no seu cumprimento singular. O acordo de fixación dese prezo público si sería un mero acto administrativo.


**Sexto.** O R.D.L. 2/2004 fixa o réxime material básico da prestación, indicando cando nace a obriga de pagamento, quen están obrigados ao pagamento e, a súa contía.

A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade. Estarán obrigados ao pagamento dos prezos públicos os que se beneficien dos servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles. O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así aconselleno, a Entidade poderá fixar prezos públicos por debaxo do custo, debendo consignarse nestes casos nos presupostos da Entidade as dotações oportunas para a cobertura da diferenza resultante.

**Sétimo.** Polo que se refire á súa xestión, as Entidades Locais poderán esixir os prezos públicos en réxime de autoliquidación. As Entidades poderán esixir o depósito do importe total ou parcial resultante con carácter previo ao comezo da prestación do servizo ou realización da actividade. Claro que se por causas non imputables ao obrigado ao pagamento, o servizo ou a actividade non se presta ou desenvolve, procederá a devolución do seu importe.

As débedas poderán esibirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

**Oitavo.** A Lexislación aplicable vén determinada por:




- Os artigos 41 ao 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Os artigos 24 ao 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxes e Prezos Públicos.
- Os artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**Moveno.** O artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dispón que as Entidades Locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da Entidade Local, sempre que non concorra ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1.b) do citado Texto Refundido.

Así mesmo, segundo o artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non poderán esixirse prezos públicos polos servizos e actividades enumerados no artigo 21 do mesmo texto legal:

- a) Abastecemento de augas en fontes públicas.
- b) Iluminación de vias públicas.
- c) Vixilancia pública en xeral.
- d) Protección civil.
- e) Limpeza da vía pública.
- f) Ensino nos niveis de educación obligatoria.




Para ver ata onde chega a competencia en materia de tributos cabe destacar sentenzas do Tribunal Constitucional que indican, entre outras materias, en qué consiste o establecemento da existencia de tributos propios, como por exemplo as **Sentenzas do 2 de febreiro de 1981, do 16 de novembro de 1981 e do 17 de febreiro de 1987**.

**Décimo.** A aprobación das Ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento:

A. Por Providencia de Alcaldía hase de iniciar o expediente e solicitarase aos Servizos Municipais competentes, en razón da materia, a elaboración da Ordenanza municipal reguladora da limpeza de fincas e predios e fiscal reguladora do prezo público da execución subsidiaria da limpeza de fincas.

B. Elaborado e recibido o proxecto de Ordenanza, corresponderá a aprobación inicial da mesma polo Pleno (artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local), previo Ditame da Comisión Informativa, e abrirase período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O Acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

C. Concluído o período de información pública, si presentáronse reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto da Ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, previo Ditame da Comisión Informativa.




D. No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da Ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

E. O Acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local.

Na súa virtude, examinadas as Ordenanzas, por esta Secretaría informánsense favorablemente.

Aberto un turno de intervencións toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Fernández Permuy, manifestando que nos vamos a solicitar que tanto este punto que o seguinte que é a Ordenanza Fiscal reguladora, que queden enriba da Mesa e que dentro de quince días se aborde outra vez o tema, porque nos entendemos que hai aquí algúns puntos que creemos que non se axustan a Lei, e digo cales son, o punto núm. 4 di "os propietarios de solares ou parcelas que limiten coa vía pública están obrigados, en todo caso, ao seu cerramento exterior, salvo dispensa expresa e motivada outorgada pola autoridade municipal...", e dicir nos entendemos que hai o que lles estamos dicindo de que teñen que pechar as súas propiedades nos entendemos que no núcleo urbano debece de cumplir eso, pero nos núcleos rurais entendemos que non, despois hai outro punto que é o punto 6 do mesmo artigo, "se por motivos de interese público fose necesario assumir subsidiariamente as obrigas do propietario, o Concello poderá acceder aos solares de propiedade privada derrubando os valados cando se faga preciso, sen prexuízo de solicitar a correspondente autorización xudicial...", nos entendemos que eso tamén deberíamos de cubrilo un pouco máis, e máis nos entendemos que hai outras alternativas que nos poden mellorar esta norma, e despois no tema das taxas nos parecen excesivos algunso prezos, polo tanto nos vamos a solicitar que quede enriba da mesa e nun prazo de quince días abordalo, e melloralo.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Sixto Galiano: Bos días, nos vamos a votar a favor, porque esto xa se falou nunha Comisión foi tratado, e necesaria unha regulación e o que di o Concelleiro do BNG unha vez que este regulado se pode modificar, as taxas penso que están ben calculadas, e unha vez que este aprobada se pode modificar, pero tanto antes



esté regulada a Ordenanza Fiscal de limpeza de fincas, canto antes este regulado antes a xente terá que cumplir coa legalidade, polo tanto o noso voto vai a ser a favor.

Acto seguinte sometese a votación a petición do BNG de que o asunto quede sobre a Mesa e o Pleno do Concello por 2 votos favor do Grupo Municipal do BNG e 11 votos en contra (6 PSdeG-PSOE, 4 PP e 1 NAL), acorda rechazar a proposta do BNG de deixar o asunto enriba da Mesa.

Sometida a votación a Ordenanza o Pleno do Concello por 11 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 do PP e 1 de NAL) acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

19.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora da limpeza de fincas e predios.

2º.- Someter a información pública o presente acordo por espacio de 30 días mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e súxestións que estimen oportunas.

39.- No Caso de non presentación de reclamaciones entenderase aprobado definitivamente.

**PUNTO NÚM. 6.- ORDENACIÓN E IMPOSICIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO PO LA EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DE LIMPEZA DE FINCAS NO CONCELLO DE ARZAS**


Dase conta da Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público pola execución subsidiaria da limpeza de fincas no Concello de Ames que se sucedentemente se transcribe.

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DA LIMPEZA DE FINCAS NO CONCELLO DE ARES

## **EXPOSICION DE MOTIVOS**

O concello de Ares, en aras ás competencias que posúen os municipios nos ámbitos da prevención e extinción de incendios, a protección civil, o medio ambiente ou o urbanismo, establecidas pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, pola Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e os artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ven de regular os aspectos relativos á limpeza e o manteemento das parcelas existentes no municipio.

Esta ordeanza municipal, no seu Capítulo II articula o procedemento a seguir no caso de que obrigados non atendan aos deberes recollidos na mesma. Establécese asimismo a posibilidade de ordenar execución subsidiaria, remitindose para valorar o custo dos traballos executados desse modo, á ordenanza fiscal correspondente. Desta maneira o Concello elabora a presente ordenanza fiscal.



## **Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexistativo /2004 de 5 de marzo), o Concello de Ares establece o prezo público pola execución subsidiaria da limpeza de terreos e predios, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

## **Artigo 2º FEITO IMPOÑIBLE**

1.- Constitúe o feito imponible do prezo público, a prestación de servizo de limpeza, con medios mecánicos e/ou manuais municipais ou contratados polo Concello, de parcelas e predios deriva da orde de execución subsidiaria destas tarefas ditada polo órgano competente.

As tarefas de limpeza poden ser a eliminación de silvas, herbas ou árbores, así como a recollida de entullos e outros residuos vertidos de forma irregular.

2.- Non estarán suxeitos a este prezo público os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación do municipio ou en casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada.

## **Artigo 3º. SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos contribuyentes, aquelas persoas, titulares, usuarias ou ocupantes por calquera concepto que fagan caso omiso aos requisitos e ordes de execución efectuadas polo Concello nos supostos establecidos nas ordenanzas municipais ou na normativa xeral de aplicación, previa tramitación do necesario expediente nos términos indicados na lexislación aplicable.

## **Artigo 4º. RESPONSABLES**

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarias as persoas administradoras das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que señale o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.



## **Artigo 5º. EXENCIÓNS SUBXECTIVAS**

Non se concederá exención no pagamento do prezo público.

## **Artigo 6º. COTA TRIBUTARIA**

1.- A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste, e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

*Epígrafe primeira. Persoal:*

- a) Por cada operario/a de servizos, por hora ou fracción: 22,00 €
- b) Por cada operario/a de maquinaria, por hora ou fracción: 25,00 €
- c) Por cada técnico/a; por hora ou fracción: 30,00 €

*Epígrafe segunda. Material:*

- a) Por cada pe retroescavadora, por hora ou fracción: 30,00 €
- b) Por cada tractor con rozadora traseira, cisterna ou similar, por hora ou fracción: 25,00 €
- c) Por cada tractor con rozadora de brazo ou similar, por hora ou fracción: 30,00 €
- e) Por cada camión, por hora ou fracción: 25,00 €
- f) Por cada desbrozadora manual, por hora ou fracción: 15,00 €


*Epígrafe terceira. Xestión de residuos:*

- a) Os custos de xestión dos residuos que se recollan como consecuencia dos servizos regulados por esta ordenanza, e que teña que asumir o Concello, serán repercutidos no suxeito pasivo.

Nota común ás epígrafes primeira e segunda: o tempo investido na prestación do servizo computarase dende a saída ata o regreso á nave de servizos municipais.

A cota tributaria total será a suma das correspondentes ás das epígrafes da tarifa.

A execución subsidiaria realizarase, preferentemente, co persoal, material e maquinarias propios do Concello. Non obstante, se por razóns de carga de traballo ou avaría de maquinaria, ou outras análogas, non se puidese executar deste modo, os servizos municipais poderán contratar as tarefas a terceiros, mantendo cara ao obrigado tributario, os prezos referidos nos epígrafes anteriores.



## Artigo 7º. DEVENGO

Devéngase o prezo público e nace a obriga de contribuir no momento en que os medios e o persoal salan da nave de servizos municipais, intre no que se inicia, a todos os efectos, a prestación do servizo.

## Artigo 8º. LIQUIDACIÓN E INGRESO

Será a Alcaldía quen emita unha resolución sinalando o alcance do servizo

Unha vez efectuado o servizo, e de acordo cos datos que certifique o servizo municipal de obras, os servizos tributarios deste Concello emitirán a correspondente liquidación que será notificada para o ingreso directo na forma e nos prazos sinalados pola tesouraría municipal.

## Artigo 9º. INFRACCIONES E SANCIONES

En todo o relativo á cualificación das infracciones tributarias, así como das sancións que ás mesmas lle correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

## Artigo 10º. DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.


Acto seguinte sometese a votación a petición do BNG de que o asunto quede sobre a Mesa e o Pleno do Concello por 2 votos favor do Grupo Municipal do BNG e 11 votos en contra (6 PSdeG-PSOE, 4 PP e 1 NAL), acorda rechazar a proposta do BNG de deixar o asunto enriba da Mesa.

Sometida a votación a Ordenanza o Pleno do Concello por 11 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 do PP e 1 de NAL) acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora da limpeza de fincas e predios.

2º.- Someter a información pública o presente acordo por espacio de 30 días mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

3º.- No Caso de non presentación de reclamacións entenderase aprobado definitivamente.



**PUNTO NÚM. 7.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS REGULADORAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIOCULTURAIS, DEPORTIVOS E DE LECER E POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIONES DO PAVILLÓN POLODEPORTIVO MUNICIPAL.:**

Dase conta da proposta de modificación das Ordenanzas Reguladoras das Taxas Seguintes: Pola prestación de servizos socioculturais, Deportivos e de lecer. Pola utilización das instalación do Pavillón Deportivo Municipal, do seguinte teor literal:

"Achegase proposta de modificación das ordenanzas reguladoras das taxas pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer e pola utilización das instalación do pavillón deportivo municipal, para incluir uns artigos que se omitirán segundo a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.-** Modificar a Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer no sentido de engadir os seguintes artigos, ao epígrafe 1A.

\*Campamentos Urbanos de Verán (de 7 anos en adiante: entre 2,5 e 3 horas ó día, de luns a venres).

Quincenais 30 Euros empadroad@s. 50 Euros non empadroad@s.

Mensuais 55 Euros empadroad@s. 95@ non empadroad@s.

Campamentos Urbanos de Verán (ata 6 anos: entre 1,5 e 2 horas ao día, de luns a venres);

Quincenais: 15 Euros empadroad@s. 30 euros non empadroad@s.


Mensuais 25 Euros empadroad@s 55 Euros non empadroad@s.

**SEGUNDO.-** Modificar a Ordenanza reguladora da taxa pola utilización das instalación do pavillón deportivo municipal no sentido de engadir o seguinte artigo ao apartado C) Uso do Ximnasio.

-Uso da Sala de Ximnasio de forma individual ao mes sen monitor, 10,00 Euros/mes.

**TERCEIRO.-** Exporer o anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da entidade durante trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e prestar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se presentaran reclamacións, entenderanse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo elevado automáticamente a tal categoría, o texto íntegro das Ordenanzas Fiscais, sen que entren en vigor ata que se eleve a cabo a devandita publicación e unha vez trascorridos quince días dende a súa publicación íntegra no boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto nos artigo 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Régime Local.



## CONCELLO DE ARES

Aud. Sampedro Menérez nº 12 - D.P. 15624 - Tel. 981 462 102 - Fax 981 448 299 - E-mail: [MAIL@CONCELLOARES.GAL](mailto:MAIL@CONCELLOARES.GAL) - P. 1500400 - E.



**CUARTO.- Faculta-lo Alcalde Presidente para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin."**

Sr. Alcalde, aquí tratouse dun erro, según me explicou o Concelleiro de Deportes e deuse conta na Comisión, dunha serie de conceptos que quedaron fora das Ordenanzas, cando efectivamente sempre se cobraron como son as actividades de verán, entonces ven esa modificación a efectos de corregir esa laguna e aplícalo efectivamente para as actividades culturais de verán que efectivamente debido a un erro non se incluiron na Ordenanza principal.

Aberto un turno de intervencións toma a palabra o voceiro de NAL: Eu simplemente dícor que como non forma parte da Comisión Informativa, a miña sorpresa foi cando o vin incluído na Orde do Día, a modificación da Ordenanza porque pensaba que estaba xa en vigor, según parece e das información que está dando o Alcalde agora, parece ser que a hora de transcribilo na publicación do BOP quedou un parágrafo fora, ese é o motivo polo que se trae aquí, polo tanto o noso voto vai a ser favorable.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Fernández Permuy, ben vou a facer un pouco de memoria neste, eu penso que esta modificación se meteu o ano pasado, foi a Comisión de Deportes do 2012, esta modificación non foi a ningunha Comisión de Deportes do 2013.

Sr. Vilar Pérez, non e certo foi no 2012, porque había que publicalas no 2012 para as taxas entraran en vigor no 2013, entonces ese punto falta no BOP, de hai para atrás está todo publicado.

Sr. Fernández Permuy, entón hai un tema aquí, esa ordenanza non aparece nas Ordenanzas Fiscales publicadas no 2012, polo menos eu non a atope, e estes campamentos se fixeron no 2012, entón eu non sei se é un error meu, vou a mirar, nas ordenanzas fiscales non veñen, ou ben foi un erro administrativo metelo agora pasado un ano, o que está claro que estas taxas non veñen nas taxas do 2012, nin tampouco nas do 2011, polo menos no que publica o BOP, polo tanto nos requerimos o Sr. Secretario que emitirá un informe, primeiro cal foi o erro á hora de non sair publicado no Boletín Oficial da Provincia, se é que así foi , se se cobraron esas taxas.


O Sr. Sixto Galiano, pregunta porque non se inclueu esto no BOP.

Resposta o Sr. Alcalde, porque a hora de remitilo non se remitiu o parágrafo ese.

Sr. Sixto Galiano, hai que ser más diligente.

Sr. Alcalde, o que move papeis loxicamente se pode equivocar.

Sr. Sixto Galiano, cando se envía unha Ordenanza o BOP hai que ser más diligente.



SR. Alcalde, xa digo que non se remitió e foi un error, en consecuencia, procedemos á votación.

Sometida a votación a proposta o Pleno do Concello por 11 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 do Grupo Municipal do PP, e 1 de NAL), e duas abstencións do BNG acorda preseñarlle a súa aprobación.

### **CONTROL E FISCALIZACIÓN ORGANOS DE GOBIERNO.**

#### **PUNTO NÚM. 8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA, DENDO A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.**

De conformidad co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello dase por enterado.

#### **PUNTO NÚM. 9.- MOCIÓN E PROPOSTAS.-**

##### **A) Moción do BNG; SOBRE REFORMA DO REXÍME LOCAL.**


Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG, do seguinte teor literal:

##### **MOCIÓN REFORMA REXÍME LOCAL**

O GM do BNG, ante a lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno do Concello de Ares.

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Anteproyecto de Lei de racionalización e sustentabilidade na administración local, probado recentemente polo Goberno central, aborda unha fonda regulación do réxime local e pretén mudar de xeito substancial o papel dos concellos, cun maior impacto nos de menor tamaño, que son amplia maioría en Galiza.



# CONCELLO DE ARES LA CORUÑA

Avenida Ramón Menéndez nº 12 - D.P. 15624 - Tel. 981 468 102 - Fax 981 468 200 - E-mail: [MAIL@CONCELLOARES.GAL](mailto:MAIL@CONCELLOARES.GAL) - P-15624-ARES - E.

A devandita proposta legal inspirase -segundo a súa propia exposición de motivos- na aplicación do principio de estabilidade orzamentaria, na versión regulada na reforma constitucional "exprés" pactada polo bipartidismo estatal, que implica un ríxido límite á actuación do sector público, ao situar a contención do gasto público porriba da atención ás necesidades sociais que deben atender as administracións na súa función de redistribuidoras da renda e da riqueza.


A intención prioritaria desta reforma do réxime local é reducir e adelgazar o ámbito de actuación dos concellos, cun recorte severo dos servizos que prestan, ainda que disfarzado do eufemismo "evitar duplicidades". Non hai unha verdadeira intención diso, nin de racionalizar, pois quen sae reforzada nesta reforma é a institución provincial que é o ente máis prescindible do entramado institucional actual. Porén, introducense mecanismos que abocarán ao deterioro, e mesmo supresión, de prestacións e servizos públicos básicos polos concellos, afectando directamente á veciñanza, sobre todo ás persoas con menos recursos.

Ademais, esta reforma reforza o centralismo, pois deseña un réxime xurídico e organizativo homoxéneo á maioría dos concellos galegos eos do resto do Estado, a pesar das fondas diferenzas en canto ao modelo de asentamento e organización territorial. Desde o nacionalismo galego sempre se tivo unha visión crítica coa articulación legal e administrativa local, por ser alíea á realidade de Galiza, tanto nas dinámicas sociais como pola tendencia á uniformación eos entes locais do resto do Estado, cando as realidades territoriais son diferentes. Agora péchase calquera posibilidade de que Galiza deseñe un mapa local acaido á súa realidade.

Alén dessa limitación á capacidade de Galiza, atentase contra a autonomía local, ao conter unha serie de mecanismos externos para avaliar a capacidade de organizar novos servizos locais ou de intervir en actividades económicas. En realidade trátase dun control político desde a administración central do Estado que busca evitar que se ensaien políticas alternativas desde os concellos. É unha limitación antidemocrática para os concellos que teñan vontade de exercer a través da iniciativa pública tanto o reforzo de servizos públicos como o estímulo de actividades económicas locais. Porén, para nada se fai unha referencia á limitación na privatización de servizos, nin sequera se reserva unha esfera mínima que debe estar blindada ao sector público e evitar con iso a súa transferencia ao sector privado.

A reforma consagra a máis absurda duplicidade do actual mapa institucional no Estado español, que é a persistencia das deputacións provinciais, que sairán reforzadas á hora de asumir servizos municipais, cando o máis lóxico sería afrontar a súa definitiva desaparición. O traslado ás deputacións de determinados servizos locais é un despropósito, pois non teñen ningunha base provincial, sendo totalmente artificial encomendar ás deputacións a súa prestación, e tendo en conta ademais que a atribución aos concellos da competencia sobre determinados servizos sempre se efectuou en función da operatividade das administracións locais para a prestación e cooperación naqueles que teñen unha clara base local.

En suma, estamos ante unha proposta que afondará na homoxeneidade e na capacidade da administración central de intervir na dinámica local, a fin de impor as políticas antisociais e de relegación do papel do sector público a todos os concellos,



como continuidade ás reformas regresivas xa aprobadas e ao deterioro democrático.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción da seguinte

#### ACORDO

##### 1. Instar ao Goberno do Estado a


- a) Retirar o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- b) Instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais.
- c) Presentar un plan de financiamento dos concellos, que lles permita custear os servizos públicos locais.
- d) Instar a unha reforma do réxime local que deixe en mans das Comunidades Autónomas un amplo marxe de regulación sobre a organización, as funcións e competencias das entidades locais, a fin de adaptar o mapa local á realidade de cada territorio co obxectivo de racionalizar o mapa institucional en coherencia cun aproveitamento e administración eficaz dos recursos públicos

##### 2. Enviar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado, grupos parlamentares no Parlamento galego e Congreso, Senado, FEGAMP e FEMP."

Toma a palabra o SR. Mesías Fariña, manifestando que está moción foi presentada o dia 12 de marzo, e é relativa a Reforma do Réxime Local, que se está abordando polo Goberno do Estado Español, os grupos xa teñen a moción e pasó a ler os acordos, dando seguidamente lectura íntegra á proposta de acordo.

Aberto un turno de intervencións, toma a palabra o vocero de NAL, eu moi breve, simplemente dír que hai algúns aspectos que estamos de acordo e outros temos fundadas dúbidas de como esto quedaría, porque aquí ademais o que se solicita é suprimir as Deputacións, entonces aquí o que se pide é de molto calado político, entonces esto habría que transcribirlo de outra maneira ou detallar un pouco máis polo tanto o que nos consideramos ó respecto, e que aquí en ningún dos puntos se faí fincapé o pronunciamento da FEMP, eu creo que estamos representados nese organismo eu creo que aquí a FEMP debería de dar, facer un informe ou un pronunciamento ó respecto porque entendo que é un tema que lle vai a repercutir directamente polo que solicita aquí os acordos da Moción e entendemos sen ese previo pronunciamento da FEGAMP, considerámos que solicitar todo esto para súa ejecución nos parece un pouco, polo tanto estamos de acordo en moitos dos sentidos da Moción pero na nosa opinión pensamos que esto hai que detalldado de outra maneira ou comprometer sobre todo á institución a organismos que nos están representando diante do Estado que faga un pronunciamento ó respecto, polo tanto noso posicionamento vai a ser a abstención.

Toma a palabra o vocero do Partido Popular, Sr. Soto Gallardo, nos vamos a presentar unha emenda transaccional, se se acepta, votaremos a favor, se non se acepta a emenda votaremos en contra, a



emenda di o seguinte "Instar o goberno Central para que o texto da Reforma da Lei de Bases de Régime Local sexa elaborado escollendo as propostas do municipalismo tanto as iniciadas dende a Federación Española de Municipios FEMP, como aquelas emanadas dende Federación Galega de Municipios e Provincias, FEGAMP, en atención as necesidades propias da estrutura municipal Galega".

Sr. Alcalde, esa sería unha emenda de sustitución?

Sr. Soto Galiano, transacional si,

Sr. Alcalde, pero de sustitución dos catro puntos que viñen na Moción.

O Sr. Alcalde, pregunta o vózeyro do BNG se acepta a emenda de sustitución presentada polo grupo municipal do PP.

Resposta o Sr. Mesías Farías, que non a aceptan.

O Sr. Alcalde, preguntalle o Sr. Mesías Farías, se poderían votar por separado os puntos, porque nos poderíamos votar a favor, o A o B e C pero o D non, o D implica darlle as Comunidades Autónomas un amplio maneiro na organización funcións e competencias nas Entidades Locais, eu penso que iso afecta á autonomía Municipal, por un lado nos quebamos da incidencia do Estado e a damos as Comunidades Autónomas, simplemente esto a D non a votaríamos pero as outras tres si.

Sr. Mesías Farías non acepta a proposta do Sr. Alcalde de votar punto por punto.

Sr. Soto Galiano, no segundo punto pídense instar a unha Reforma Constitución que suprima as Deputacións Provinciais, unha Reforma Constitucional ven se mal non recordó no título X da Constitución, e para realizar esta reforma constitucional se ten que avalar por tres quintos da Cámara Baixa ratificalo polo Senado, disolver as Cortes, volver a facer outras eleccións e volver a ter outra vez dos tres quintos das mesmas cámaras, esto evidentemente non se vai facer, e non escutar a FEMP e a FEGAMP non me parece normal, en todo caso xa está fixada a posición.

Sr. Mesías Farías, hai dous anos se fixo unha reforma e non houbo que disolver as Cámaras.

Sr. Soto Galiano, depende o que se pretenda reformar, para reformar as Deputacións si que hai que facer esto, para reformar a Coroa hai que facer outro tipo de historias.

Rematado o debate sométese a votación a Emenda do Partido Popular, e o Pleno da Corporación 11 votos a favor ( 4 PP, 6 PSdeG-PSOE e 1 NAL), e 2 votos en contra do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación á emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

**B) Moción do PSdeG-PSOE sobre PROXECTO CONSTRUCTIVO DO ACCESO FERROVIARIO O PORTO EXTERIOR DE FERROL.**

Dase conta da Moción do Grupo Municipal Socialista do seguinte teor literal:

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares, a través do seu portavoz, Eugenio Fernández Lago, de conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e



Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a presente **MOCIÓN SOBRE O PROXECTO CONSTRUCTIVO DO ACCESO FERROVIARIO AO PORTO EXTERIOR DE FERROL**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo, en base ós motivos e consideracións expresadas na seguinte:

**Exposición de Motivos:**

O Goberno Central acaba de publicar (no B.O.E do dia 06/04/2013) a declaración de impacto ambiental do proxecto de conexión ferroviaria co Porto Exterior de Ferrol.

Na mesma, o órgano ambiental declarou, xa de principio, que se detectaban carencias substantivas e fundamentais no estudio informativo e que "existían algunos aspectos fundamentales del estudio que precisaban ser ampliados y actualizados", polo cal a citada autoridade medioambiental solicitoulle á Dirección General de Ferrocarriles novos estudos e informes sobre aspectos fundamentais do estudio informativo.

Ditas estudos e informes "complementarios" (extensamente reflectidas no punto 3.3.1 da D.I.A.), non teñen nada de "complementarios" se non que prácticamente configuran un novo estudio informativo pola sua extensión e alcance.

É evidente que dada esa extensión e alcance dos informes complementarios, estes puidieron suponer un factor cuase que determinante na elección por parte do órgano ambiental en favor da alternativa sur do acceso do tren ó porto exterior, xa que están referidas exclusivamente á alternativa sur cando as outras dúas alternativas precisarian das mesmas informacións.




Ditas informacions complementarias non foron facilitadas ás entidades e resto de colectivos que fixeron alegacions para a súa valoración, estudo e alegacions pertinentes,a pesares do carácter substancial de ditas informacions complementarias, e que baseándose no artigo 10.8 do R.D. 2387/2004, de 30 de decembro polo que se aproba o Regulamento de Sector Ferroviario, podería dar lugar ó establecemento dun novo periodo de información pública do estudo informativo.

Iso incluso tendo constancia de quē, á vista das informacions publicadas nos medios de comunicación social, o dia 14/03/2013 o colectivo social formado por 28 asociacions de vecinos, sociais, culturais e deportivas e dous particulares presentou escrito á Subdirección Xeral de Planificación e Proxectos do Ministerio de Fomento solicitando expresamente a entrega da devandita documentación para a correspondente valoración,e elo, con base legal no Convenio da Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas, sobre acceso á información, a participación do público na toma de decisiones e acceso a xustiza en materia de medio ambiente, firmado en Aarhus (Dinamarca) na data de 15/06/1998 e regulado no artigo 9 do dito convenio.

Nembargantes, a cuestión fundamental do proxecto é quē a alternativa sur, tal e como vai plantexada na D.I.A., vai a suponer un atentado medioambiental gravísimo, causando unha alteración sobre o fluxo e o réxime hidrodinámico da auga na enseada da Malata (como a propia D.I.A. reconece). Esta enseada manteñ ainda valores mediambientais, e socio-económicos a pesar do molto que teñen mermado estes valores trala construcción do peirao carboeiro e o posterior peche dos "olios" da ponte que comunicaba a enseada co peirao Fernández Ladreda.

A construcción do tren pola vía norte podería suponer a mellor comunicación deste porto exterior con polígonos industriais (actuais e futuros) da comarca, e, a maiores, ten un menor impacto ambiental ó transcorrer




prácticamente na súa totalidade por túnel, a pesar de que isto supóna a extracción dunha maior cantidade de refugallos.

### PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN.

1.O pleno do Concello de Ares insta ao Ministerio de Fomento a que facilite a todos os interesados que fixeron alegacións ó estudio informativo, a información complementaria solicitada polo órgano ambiental descrita no apartado 3.3.1 da resolución pola que se formula a declaración de impacto ambiental, que foi recibida polo ministerio de medio ambiente en data 17/09/2012, e máis a documentación adicional que recibida no mesmo organismo na data 21/11/2012, ambas remitidas polo promotor, a Dirección Xeral de Ferrocarrís; e toda aquela documentación, informes (por exemplo o de Augas de Galicia de data 28/11/2013), ou calquera outra documentación atinxente ó expediente recibida polo órgano ambiental *a posteriori* das datas citadas.

2. Que o pleno se manifeste a favor do trazado norte desta infraestrutura e en contra da execución de trazado sur tal e como está plantexado na D.I.A., excepto que esta alternativa sexa modificada de xeito que non cause un prexuízo medioambiental crítico que afecte á navegabilidade, nin modifique ou merme os usos públicos que ate este momento ten esta enseada."

O Sr. Alcalde manifesta que o acceso ó Porto Exterior, coñece de tres alternativas unha sur, unha centro, unha norte; a Sur ten unha incidencia importante na Malata, na ensenada da Malta concretamente e entonces seguindo un pouco o fio da Ministra que visitou Ferrol o sábado que dixo que ia a escutar a todos os afectados, e polo tanto fan a estudiarse todas as




alegacións entonces bueno nese sentido, de interlocución hai unha proposta de Resolución que di :

1.O pleno do Concello de Ares insta ao Ministerio de Fomento a que facilite a todos os interesados que fixeron alegacións ó estudio informativo, a información complementaria solicitada polo órgano ambiental descrita no apartado 3.3.1 da resolución pola que se formula a declaración de impacto ambiental, que foi recibida polo ministerio de medio ambiente en data 17/09/2012, e máis a documentación adicional que recibida no mesmo organismo na data 21/11/2012, ambas remitidas polo promotor, a Dirección Xeral de Ferrocarris; e toda aquela documentación, informes (por exemplo o de Augas de -Galicia de data 28/11/2013), ou calquera outra documentación atinxente ó expediente recibida polo órgano ambiental *a posteriori* das datas citadas.

2. Que o pleno se manifeste a favor do trazado norte desta infraestrutura e en contra da execución do trazado sur tal e como está plantexado na D.I.A., excepto que esta alternativa sexa modificada de xeito que non cause un prexuízo medioambiental crítico que afecte á navegabilidade, nin modifique ou merme os usos públicos que ate este momento ten esta enseada.

E dicir nos pedimos que si se fai o trazado sur que polo menos que a Ponte cos seus puntos, que non afecta á navegabilidade e que efectivamente non se mermen os usos públicos, que se é fundamentalmente o marisqueo, penso que é unha Moción que podemos tamén asumir.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: manifestando qué simplemente está de acordo cos puntos que se expoñen na Moción, dicir que hai tres alternativas, penso que se optou pola más barata, entonces esto vai a supoñer según dos estudos que se




están barallando a xente que está neste tema pois resulta que parece que se vai a recheiar a Malata, cunha ocupación de un 1.200.000 metros cadrados, entonces desde o punto de vista do impacto e dos informes de todo eso, xa hai moita experiencia sobre todo neste Concello dos informes quen os faga e a que Administracións pertenezan si se van a facer, eso seguramente o van a salvar, porque hai algúns problemas agora mesmo para informar esto, seguramente ó final o informe Medio-Ambiental vai a ser positivo, eu entendo aquí que o que prevalece é o tema económico, se optou pola vía Sur que é máis barata, a Norte implicaría un túnel de 10 quilometros aproximadamente e eso encarecería o coste, eu creo que o que temos que mirar aquí a Ría de Ferrol, xa tuvo bastantes agresións e polo tanto eu creo que aquí hai que fazer un pequeno esforzo e optar pola saída Norte ou ben como dicía Alcalde, na modificación da proposta do tratado Sur que non implique o impacto ambiental e visual que eso pode supoñer e a agresión a Ría, entonces cambiariamos o posicionamento, nos de momento vamos a optar pola proposta da vía Norte.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesías Farias, o outro día na Xunta de voceiros, se nos dixo que quedaba unha Moción pendente de presentar, que era unha que presentaban os vecíños de Ferrol, entón nos entendiamos que era esta.

Sr. Alcalde, si era esta.

Sr. Mesías Farias, entón cal foi a nosa sorpresa o ver que esta Moción, que esta parte dun Colectivo de vecíños, e dunha plataforma na que están integradas formas políticas e entidades tamén. É na que se acordou presentar este tipo de Mocións nos Concellos, co cal nos non entendemos como está Moción ben presentada polo PSOE, cando se está violandoalgúnha maneira o acordo dese grupo desa plataforma de que se presenten por todos os grupos dos Concellos, co cal nos vamos a aprobar a moción pero pedimos que o PSOE retire como que a presenta el e a presentan BNG e PSOE.



Interven o voceiro do Partido Popular Sr. Sixto Galiano, nos queremos votar os puntos por separado se pode ser, no primeiro punto estamos de acordo, e no segundo vamos a votar en contra porque o Ministerio de Medio Ambiente publicou no BOE a declaración do impacto ambiental, e a declaración de impacto ambiental eso é un documento técnico eso é medio ambiente que sabe más que nos, opta polo trazado Sur, e menos costoso e o Ministerio de Medio Ambiente di que é o más idóneo.

Sr. Alcalde, Sixto a Ministra o sábado dixo que la a estudiar o trazado sur para que non teña pernixios medioambientais para que garantice a navegabilidade, e para que permita o marisqueo, podemos votar a favor é o que dixo a ministra o sábado, dixo que la a escutar a todos os afectados, e que garantizaba que o trazado Sur non la a causar prexuizo medioambiental, de feito se reducen os pilares para garantizar a navegabilidade.

Sr. Sixto Galiano, a qui di que o Pleno se manifesta a favor do trazado Norte.

Sr. Alcalde, si pero excepto que a alternativa Sur sexa modificada de xeito que non cause un prexuizo, medioambiental, que non afecta á navegabilidade, e que non merme os usos públicos, e dicir a nos valenos o trazado Norte e o Sur se cumple estas condicións.

Sr. Sixto Galiano, cando o Ministerio de Medio Ambiente publique un informe ambiental favorable sobre o trazado Norte, non teré problema mentres tanto vou a votar en contra a este punto.

Sr. Alcalde, a Moción se se quiere sumar NAI hai ningún problema, porque o BNG quiere que sexa presentada por PSOE e BNG.

Sr. Luis Cendán, a mi me da igual.



SR. Alcalde, entonces a Moción sería o Grupo Municipal Socialistas e o Nacionalista do BNG do Concello de Ares, a través dos seus voceiros Eugenio Fernandez Lago e Emilio Mesías Fariñas, de conformidad co disposto presentan a Moción, de acordo.

Rematado o debate sometese a votación a proposición do Grupo Municipal do Partido Popular de votar punto por punto os acordos.

Sometido a votación o punto primeiro o pleno do concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Sometido a votación o punto segundo o Pleno do Concello por 9 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de NAL) e 4 votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, acorda prestarlle a súa aprobación.


Antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde preguntase os voceiros se algún ten algúna Moción para presentar pola vía de uxencia, non presentándose ningunha moción, polo que dase paso o turno de rogos e preguntas.

**Punto núm. 10.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Sr. Mesías Fariñas, preguntando porque non se presentou anteriormente o núm. 340/12 , falamos de resolución, relativa ó abono da parte proporcional das facturas da Piscina Ares-Mugardos, e xa que esta resolución se refire o pago do debido ata agosto de 2011, ¿a canto ascende a debeda que falta por saldar relativa os meses de setembro a decembro 2011 e todo o 2012, e o primeiro trimestre de 2013?

Sr. Alcalde: Esa permite que a resposta no seguinte Pleno, porque hai que mirar cousas.

Sr. Mesías Fariñas, seguite recordamos o advertido polo noso grupo reiteradamente a respecto do que di o punto núm. 8 desta convocatoria a saber "dar conta das resolucións dictadas pola Alcaldía-Presidencia, dende a celebración da anterior sesión ordinaria", ¿onde van as resolucións dende o núm. 33 ó 47 e da 55 á 65, e se a responsabilidade do incumprimento do punto do Sr. Secretario-Interventor, ou de non se lo quen é o responsable



## CONCELLO DE ARES

Avenida Ramón Menéndez nº 12 - D.P. 15624 - Tel. 981 446 162 - Fax 981 446 299 - E-MAIL: MUI\_20027@XTEP.PT | 300403 - E-



de que faltan?, faltan tamén a 69 a 75, a 80, 85, 89 e 90 advertímoslle tamén que faltan 17-12-8-9 e 1 deste ano 2013.


En canto á resolución 73/13 referida o imposto do vehículo municipal cedido para o servicio do Concello, propiedade do Alcalde, o ano pasado xa se tratara este tema, reiteramos as nosas preguntas ¿sabe vostede que esta aprobando o abono dunha liquidação o Concello de Santiago en base a un contrato de préstamo que está caducado desde o ano 2010? ¿sabe vostede que non mudou o enderezo da documentación do seu vehículo, e que estamos a pagarlle o imposto a outro Concello?, recorda vostede que me respostou o ano pasado que a xustificación era porque había un taller de emprego e cando non fora así xa non era necesario, para o parque automobilista do Concello de Ares.

Seguinte pregunta, cal é o proxecto o cal se refire a resolución 100/13 sobre a renovación da iluminación pública exterior no Concello de Ares, refírese a un Plan sobre Aforro enerxético.

Seguinte pregunta, o pasado 11 de abril solicitamoslle que nos informaría na vindeira Comisión de Servicios Sociais sobre o desaxuste que se vai a producir na partida municipal sobre axuda á dependencia, como vai a afectar esto o cumprimento do Plan de Axuste aprobado en marzo de 2012, dado que a súa resposta na Comisión Informativa da semana pasada foi que quen nos titía que responder era o Secretario Interventor, formulamoslle agora a seguinte pregunta ¿trasladoulle vostede o Secretario a nosa petición? E de ser así sabe vostede se o Sr. Secretario considera que podemos ter acceso a esta información, e polo tanto no la vai facer chegar.

Seguinte pregunta, o pasado 25 de marzo rexistramos unha petición na que abordábamnos a petición da fin da prestación de psicoloxía neste Concello, nel se pedía que se restablecerá o servizo que viña prestándose dende o CIM no tocante a area de psicoloxía, se convoque con carácter urgente unha Comisión Informativa de Servicios Sociais, para abordar a problemática actual do CIM así como a planificación dos recursos humanos e as posibles vías de solución, e agora facemoslle un rogo e pedimoslle que restableza con urgencia o servizo que viña prestando a area de psicoloxía, que se proceda a contratar un psicólogo ou psicóloga, e facemoslle tamén as seguinte preguntas, ¿e vostede consciente da cantidade de xente que estaba a recibir a atención psicolóxica e que de repente queda desamparada? ¿faise vostede responsable ou a Concelleira de Asuntos Sociais do que poida acontecer coas persoas que están a ser tratadas e que poidese representar un caso de extrema gravedade a non prestación dun servizo a que tiñan dereito e que logo da rescisión deste contrato xa non teñen?.

E última pregunta, ven novamente unha resolución da Alcaldía, desta vez a 47/13 con informe de Secretaria Intervención fiscalizándose con disconformidade, relativa a unha contratación laboral de acordo os principios de igualdade, mérito e capacidade e publicidade, e vostede consciente no reiterado caso das contratacóns a dedo que sigue facendo, como



# CONCELLO DE ARES

Avenida da Mariña s/n 12 - C.P. 15624 - Tel. 981 441 102 - Fax 981 448 299 - E-mail: MZ-15600@XTE.CD.TP.LCOONEDO - E.




fada o cacique Baltar en Ourense, e cree vostede que a actuación do Secretario é correcta ó non denunciar a outras instancias, das presentas irregularidades.

Resposta o Sr. Alcalde, o tema da piscina xa che díxen que hai que velo porque se trata de ver as certificacións.

O tema das resolucións eu non sei cales son, díxeches os números, teremos que buscalas e efectivamente seguramente non viñeron a este Pleno porque os departamentos correspondentes non as pasaron, efectivamente moitas resolución están expedientes que non están concluídos e en consecuencia non veñen todas correlativas, veñen según se van concluíndo os expedientes e se van pasando para vir a Pleno en consecuencia efectivamente non por ter un número correlativo, teñen que vir, teñen que vir cando os expedientes están concluídos e a Resolución é firme.

Con respecto a resolución 73/13, hai toxicamente un vehículo que é da miña propiedade, que eu cedín fai 6 anos ó Concello, porque se necesitaban vehículos, o cedín nunhas condicións e agora está en outras, pero non me doe, e dícir eu non necesito ese coche, entonces como non o necesito o deixei o Concello, e evidentemente o deixei como un préstamo gratuito, é un como datum contrato civil, e nese sentido mèntrés unha das partes non denuncio o contrato, e en consecuencia ese coche o están utilizando os servicos municipais, o utilizou efectivamente o taller de emprego, o utilizou efectivamente o persoal municipal cando o necesita e nese sentido é un como dato e punto, en consecuencia como comprenderes eu non me lucro dese contrato, eu ese coche o podía vender, eu ese coche podería dalo de baixa, e concello o usa, o persoal municipal o colle, e en consecuencia efectivamente hai se trasladou material, hai se trasladou de todo e está o servizo do Concello entonces evidentemente pois foi unha situación de urxencia, en aquel momento, tifarmos esa situación e hoxe a seguimos tendo, eu bou no meu coche e meto o meu coche por todos os camiños, dame igual, eu non ando en ningún coche do Concello, ando no meu, e vou a ver as obras no meu, e vou as entrevistas no meu, e vou a Madrid cando me chaman da FEMP no meu, pero efectivamente hai un saxito o branco e o meu, un concelleiro o un aparelador teñen que ir a Seselle e teñen que coller esos dous coches, Agustín cando colle o coche colle o saxo, entonces os concelleiros van no meu, e evidentemente temos que desplazamos eu xa o digo, eu uso o meu para todo ata para ir a Coitelada, a Punta Avarenta, para metelo polo Segafio uso o meu para todo e todo o mundo me ve dar voltas no meu coche, e teño o outro cedido para Pepe para os concelleiros e punto, e por suposto o teño cedido gratis non cobro aluguer, e pos suposto xa non quero entrar nas condicións nas que se me vai a devolver, porque so hai que entrar dentro do coche e velo como está, pero o asumo, o asumo porque efectivamente ese coche non o necesito para nada, e o dia que o Concello non o use o dou de baixa, porque non o necesito para nada, agora efectivamente tendo ese coche podemos usalo aquí que efectivamente nos fai falla.




A 100/13 e cun proxecto de renovación dun Plan enerxético, en consecuencia, efectivamente o expediente non está completo porque se nos dan a subvención o executaremos e se non a dan pois non o executaremos, en consecuencia é un Plan de renovación que se diseñou dende a Concellería de Urbanismo cun aparelador, e nese sentido efectivamente estamos tratando de implementalo, pero se necesita unha subvención, sen subvención efectivamente a aportación municipal é insuficiente.

O tema do impacto da subida das taxas de dependencia de acordo coa interpretación que fixo a Xunta, pois lóxicamente ese é un tema de sumar e restar, o tema se pasou o Sr. Secretario, pero ten máis cousas que facer, e dentro do prazo que marca a Lei para responder, nos vamos a responder.

A psicóloga, efectivamente se vai, non vai a ter culpa o grupo de goberno, hai un traballador que se vai, e evidentemente nos vemos a opción de consorciar o servizo con outros concellos, entonces intentando consorciar o servizo para que vamos nos a contratar un psicólogo, se hai psicólogos en outros Concellos do entorno, chamamos a un Concello do entorno e lle decimos que lle pagamos a mitade do psicólogo, e temos un psicólogo en Ares e nos costa a metade, o que pasa que consorciar ese servizo non se fai da noite para a mañá, entonces estamos intentando ver o consorcio; ti falas dos tratamentos, o psicólogo do Concello non fai clínica Emilio, clínica se fai no SERGAS, quen está enfermo ten que ir o psicólogo do sergas, non ó do Concello, non se deixou de atender a ningun, se deixou efectivamente de facer psicoloxía social, pero a psicoloxía clínica que é a que ti dis que a xente queda sen tratamento, mentira quedara sen tratamento se non vai o SERGAS, que é a quien lle corresponde pola seguridade social. Aquí faiase psicoloxía social, non se fai terapia de curación, eso faiase no SERGAS, e se un psicólogo social do concello fai psicoloxía clínica está faltando a súas obrigas, porque a psicoloxía clínica faiase no SERGAS, que se trata mal a un paciente nos non temos Seguro de Responsabilidade Civil por fallos en psicoloxía clínica, entonces e dicir non creo que quedara ningun sen tratar porque aquí non se trata a ningun, porque o psicólogo do Concello non é un psicólogo do SERGAS.

E en canto a 47/13 pois se me comparas co cacique de Baltar, bueno pois me parece moi ben, a miñ cando me ven unha emerxencia social me cae efectivamente o alma os pes, e en consecuencia é unha situación de emerxencia social, e unha situación de necesidade dunha familia con fillos e ben a pedir unha axuda concreta para sair do paso, e eu o contrato 15 días porque ten que sair do paso, porque senón non comen en casa, e punto e san se acabou e un tema de emerxencia social que veu avalado polos informes sociais, se contrata unha persoa 15 días que por certo hai prazo que estaba Oscar de baixa por maternidade, entonces hai a posibilidade de meter unha sustitución, e por 10 ou 15 días facer un proceso selectivo é un engorro, tribunal tal para traballar quince días, se fai algo que efectivamente se fixo máis veces, se lle dice os servicios sociais se hai alguen en situación de emerxencia social, hai varios porque por desgracia hai varios, pero hai que eleixir un, porque só hai para un, e



enconsecuencia en función das cargas familiares se fai un informe social, e función de este informe se contrata.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Sixto Galiano: Empezo por esa última, a psicóloga esa si que podía axudarlle a este señor que está contratado, está informada polo Sr. Secretario, porque o Sr. Secretario da visto disconforme de este posto, esa é a primeira pregunta.

A segunda pregunta é outra resolución doutro contrato, neste caso foi o INEM, é a resolución 89/13 tamén, e para a contratación dun operario de maquinaria municipal, o informe que da o Sr. Secretario fai unha exposición de motivos aquí enorme, e o final aquí non hai ningunha sinatura.

Resposta o Sr. Alcalde que é sinatura electrónica, non ves un código de barras.

Sr. Sixto Galiano o descoñecía.


Sr. Sixto Galiano, o incumprimento da lexislación municipal neste Concello, os Plenos son ordinarios non discrecionais, así como as comisións, entonces para unha resolución dunha Comisión Urbanística non se convocaron as ordinarias, fai dous meses que non se convocan comisións ordinarias de urbanismo, entonces houbo que convocar unha extraordinaria a petición do Partido Popular para que respondese o que se debería de responder nunha ordinaria, neste caso estou a falar do cemiterio que se vai facer; nunha extraordinaria dixo que había tres ubicacións e a semana seguinte se di que se nos la a dar a segunda ubicación, e cando vai a enviar a Xunta a terceira ubicación.

Resposta o Sr. Alcalde como a entreguen, o Arquitecto traballa e as vai traendo.

Sr. Sixto Galiano, a seguinte pregunta é esta, habida conta que no seu día aquí nesta Corporación, asegura que a empresa instaladora de gas solventaría os defectos ocasionados nos viais, a carretera do Mazote e a Avda. de Mugardos están sen pintar, están os aparcamiento sen sinalizar, están os pasos de peóns sen sinalizar, entonces esta empresa desapareceu de aquí, entonces digo eu ¿se vai a amañar esto?.

Outra, esta pregunta xa é más fantástica, di vostede que mete o coche por todas as rues, pois desde logo pola Concepción Arenal non o meteu, se o mette non saca o coche, sacu unha nota de prensa, na que dicía o Concelleiro de Obras que se amañou a rua Concepción Arenal, eu pasaba por esa rúa e é imposible pasar, non era Concepción Arenal lle chamaban Concepción Beirut, non pode ser polle una nota de prensa dicindo que está amañada, ese é un exercecicio de cinismo, cando a rúa está destrozada.

Sr. Alcalde, esta bacheada.



# CONCELLO DE ARES

Avt. Sarmiento Mereira nº 12 - D.P. 15604 - Tel. 982 466 102 - Fax 982 448 299 - NIFGIA MU-2000738 C.I.F. P.1500462 - E.



Sr. Sixto Gallano, bacheada está agora, cando saliu a nosa de prensa non, o problema é que estaba sen bachear, que ocorre que a xente protestou e puxo carteis nos postes, e entonces si ese dia foi rápidamente a bachear, e agora en lugar da calle de Beirut parece a calle dos topos, posto que so hai pegotes de aglomerado, como pode ser que si que está amañada cando non está amañada.

A última é: ¿Qué beneficio quita o Concello da venda de chatarra? Eu lle preguntei a Tesorera e me dixo que non había ningún beneficio, eu pregunto porque se vai a vender chatarra co camión do Concello, entonces eu pregunto que beneficio se quita con esta venda de chatarra execida co camión do Concello de Ares.

Resposta o Sr. Alcalde, cando se convoca unha prazo non sempre hai informes da Secretaría porque non son preceptivos, o Secretario o sole emitir cando manifesta que non está conforme ou lóxicamente ten algo que decir, entonces efectivamente os informes de Secretaría non son preceptivos, pero el en previsión do que se vai facer pode emitir, entonces en algunas está disconforme, entonces lóxicamente manifesta a súa disconformidade, e polo xeneral lóxicamente sinala sen dubida algunha a vía para poder efectuar se se pode. Cando foi o da biblioteca da Casa da Xuventude, cando foi a proposta da Concelleira el mostra a súa disconformidade pero engande salvo que sexa necesario ou imprescindible para manter o servizo, nos xustificamos que é imprescindible para mantelo servizo e contratamos, no caso da persoa que por desgracia hai unha situación emerxencia social, bueno pois si se xustifica a situación de emerxencia social, ti efectivamente tes que saber lóxicamente que todo dereito se ten que motivar, pois nos o motivamos, esta contratación a motivamos nunha situación de emerxencia social, a contratación do da Casa da Xuventude a motivamos de que sen el hai que pechala, en consecuencia efectivamente se trata de cumplir en Dereito a necesidade de motivación para evitar que as resolución sexan arbitrarias e en consecuencia é o que facemos.

En canto as Comisións, según nos van dando a tramitación, ti o que non podes é pedir que che den información de expedientes que non están completos, e logo queixarte de que non estén completos, que é o que están facendo co Cemiterio, se esperas a que o expediente este completo non tes que esperar a nada, se che da todo xunto e xa o tes, se o queres a trozos según van chegando, eu según van chegando o vou dando, logo non te queixes que o vou dando a trozos, porque é como me o van dando a mi, o arquitecto nunha semana me trae un proxecto porque vai traballando ó seu ritmo, e tampouco pasa absolutamente nada.

O do gas, non se pode pintar chovendo, ainda así pintaron de amárelo o que efectivamente a Policia Local sinalou como máis uxente, non se pudo pintar, durante todo o inverno foi horrible, que vas a pintar os aparcamentos, agora houbo tres ou catro días onde efectivamente se pudo pintar e se pintou de amárelo en Federico García Expósito, se pintou de amárelo os pasos de peatons que se considera máis uxentes.



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avt. Ramón de Méndez nº 12 - O P. 15604 - Tel. 981 466 102 - Fax 981 448 299 - ESELGA MU-2000/1999 CEP 15600400 - II

A núa Concepción Arenal hai que abrila de arriba a abaixo, porque ten un alcantarillado antigo, un abastecimento antigo, e ainda por riba non ten rede separativa de pluviais e fecais, entonces efectivamente asfaltar nova con aglomerado é un pecado porque cando se teña que separar a rede de pluviais e fecais hai que volvela a levantar, evidentemente nos estamos bacheando, o ano pasado xa a bacheamos, este ano en tanto veu bo tempo a volvimos a bachear chovendo non se pode facer, e é o mantenimento que lle podemos dar en espera dunha actuación como fixemos na rúa María, ou dunha actuación como fixemos en outras ruas porque o que urxe é a separación de pluviais de fecais.

E en tanto a venda de chatarra efectivamente o Concello non quita ningún beneficio porque o Concello non vende chatarra en ningún sitio.

Sr. Sixto Galiano, entonces o camión do Concello que fai na chatarrería.

Sr. Alcalde non o sei, pero ti estas seguro de que eso é así.

Sr. Sixto Galiano, si estou seguro porque con fotografías dixitais.

Sr. Alcalde pois dame a fotografía, pois eu desde logo, o Alcalde non vende chatarra, en ningún sitio.

Sr. Sixto Galiano, envianmas a mi as fotografías, non é unha nin duas veces.

Sr. Alcalde, estou eu nelas.

Sr. Sixto Galiano non, nin eu tampouco estou.

Sr. Alcalde, entonces hai que investigar, no Concello teremos que mirar que pasa con eso, pois desde logo o Concello non vende chatarra.

Sr. Sixto Galiano, eso é o que digo eu que investigue.

Sr. Alcalde, entonces me tes que dar algúnhha foto.

Sr. Sixto Galiano, non hai problema.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e seis minutos do dia ó comienzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, díse por rematado o acto de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,



O SECRETARIO,

